

ABONO DA TAXA DE AVALIACIÓN

- Antes da sesión de avaliación os candidatos admitidos deberán abonar unha taxa de **10,20 euros por cada UC** na que solicitan a súa avaliación.
- Unha copia do resguardo de aboamento de dita taxa deberá entregarse ao avaliador/a ao comezo da sesión de avaliación.

O abono da taxa poderase realizar de dous xeitos diferentes:

- a través do impreso de Autoliquidación en calquera das entidades colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- de forma telemática

Nas entidades bancarias

- Retire o impreso de Autoliquidación de taxas nas dependencias da Xunta de Galicia que dispoñan de rexistro e cúbrao consignando os seus datos persoais, os códigos de tramitación que aparecen no epígrafe seguinte e o importe da taxa que ten que pagar. Tamén pode xerar o impreso Modelo de Autoliquidación de Taxas dende a Axencia Tributaria de Galicia.

Por Internet

Acceda á Oficina Virtual Tributaria da Axencia tributaria de Galicia e siga a ruta *Entrar na Oficina virtual > Taxas e prezos > Confección on-line impresos > Modelo Al Autoliquidación de Taxas > Iniciar Taxa > Iniciar Tramitación electrónica (pago Telemático)*.

- Para cubrir correctamente o impreso, cómpre consignar os seguintes datos:

Consellería de Economía, Emprego e Industria: código 08.

Delegación de Servizos Centrais: código 13.

Servizo de Secretaría Xeral: código 001.

Taxa: denominación: avaliación do/a candidato/ a para participar no procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación: código **304202**.

Estarán **EXENTAS** do pagamento das taxas:

- as persoas que figuren como desempregadas no momento de iniciarse as sesións de avaliación: deberán presentar unha certificación de situación laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social
- as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% no momento de iniciar as sesións de avaliación: deberán acreditar a discapacidade mediante certificado ou resolución do órgano competente.